

PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, COMERCIO
Y TURISMO



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

O Plan de sostibilidade turística en destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal enfócase no deseño e posta en marcha dun produto turístico especializado, enmarcado na candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO, baseado no xeoturismo como eixo condutor sobre o que desenvolver unha estratexia de dinamización e desenvolvemento sostible.

Así, a partir da excepcional riqueza xeolóxica, natural e cultural do territorio créase un relato diferenciador e integrador sobre o que explorar, desenvolver e promover a relación entre o patrimonio xeolóxico e o resto de recursos e aspectos singulares do destino.

**A información comprendida neste documento refírese á memoria presentada á Convocatoria extraordinaria de Plans de Sostibilidade Turística en Destinos para entidades locais do ano 2021 e poderá ser obxecto de cambio durante a execución do PSTD.*

Demarcación territorial



PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

4 EIXES PRIORITARIOS

TRANSICIÓN VERDE E
SOSTIBLE

EFICIENCIA ENERXÉTICA

TRANSICIÓN DIXITAL

COMPETITIVIDADE

23 ACTUACIÓNS

An aerial photograph of a coastal landscape. In the foreground, a dirt path leads from a grassy hillside down to a stone building. The building has a gabled roof and a small arched doorway. To the right of the building, the path continues towards the sea. The sea is a deep blue color, and waves are visible breaking against the shore. In the background, there are more hills and a town visible in the distance. The sky is clear and blue.

EIXE 1: TRANSICIÓN VERDE E SOSTIBLE

- 1 Adecuación e mellora da rede de rutas de sendeirismo e BTT do territorio.

E1.A1.ADECUACIÓN E MELLORA DA REDE DE RUTAS DE SENDEIRISMO E BTT DO TERRITORIO

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Estudo e acondicionamento dunha rede de roteiros de sendeirismo e BTT polo territorio do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, que melloren a experiencia da visita, fomenten a mobilidade sostible e os hábitos de vida saudables, e sirvan de infraestrutura turística para as empresas de turismo activo do territorio. Esta actuación está aliñada ao 100% cos obxectivos ambientais e climáticos. O acondicionamento da rede implica intervencións, para un uso sostible, de conservación, restauración e valorización no territorio. Contribúe á resiliencia fronte a efectos do cambio climático, como inundabilidade ou protección contra incendios polo seu efecto barreira e mellora de accesibilidade na extinción. A rede de roteiros e a súa promoción representa unha infraestrutura para unha mobilidade sostible e activa, así como impulso a un modelo de desprazamento baseado na descarbonización e a ciclabilidade.

E1.A1.ADECUACIÓN E MELLORA DA REDE DE RUTAS DE SENDEIRISMO E BTT DO TERRITORIO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Dotar de equipamento singular para un turismo activo-deportivo, mobilidade sostible, hábitos saudables e calidade de vida baseada no contorno natural.
- Mellorar a atracción e satisfacción do visitante, xestionando fluxos temporais e espaciais.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

150 000 €

An aerial photograph of a coastal landscape. In the foreground, a stone building with a thatched roof sits on a grassy slope. A dirt road winds down the hillside towards the building. In the background, the ocean stretches to the horizon under a clear sky. The image is used as a background for a presentation slide.

EIXE 2: EFICIENCIA ENERXÉTICA

- 2 Convocatoria de subvencións a concellos do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal para a mellora da eficiencia enerxética.

E2.A2.CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A CONCELLOS DO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Convocatoria de subvencions dirixidas aos 7 concellos do territorio do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal para o desenvolvemento de actuacións de mellora en eficiencia enerxética en equipamentos, servizos e infraestruturas turísticas. Serán axudas para proxectos que, atendendo ás necesidades de cada concello, contribúan á mitigación do cambio climático, á xeración e consumo de enerxías, ao autoconsumo e descarbonización. Os proxectos obxecto de axuda deberán conseguir unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, mediante a mellora da eficiencia enerxética, a mobilidade sostible ou a utilización de fontes de enerxías renovables térmicas ou eléctricas. Na convocatoria de axudas incorporárase o principio de “*Do not significant harm*”, e todas as tipoloxías de actuacións terán unha contribución climática do 100% (etiquetaxe).

E2.A2.CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A CONCELLOS DO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Impulsar medidas enerxéticas, eficiencia ou renovables, nas infraestruturas públicas e unha mobilidade territorial sostible e activa no sector turístico.
- Servir de modelo á iniciativa privada.
- Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

150 000 €

EIXE 3: TRANSICIÓN DIXITAL

- 3 Gabinete de comunicación e marketing online.
- 4 Creación dunha central de reservas para servizos do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.
- 5 Adhesión á Red DTI (Destinos Turísticos Intelixentes).
- 6 Ampliación de funcionalidades e contidos da páxina web.
- 7 Creación dunha App para a xestión e promoción do Camiño a Santo André de Teixido.
- 8 Formación e asesoramento para a mellora do posicionamento do destino en *Google Travel Journey*.

E3.A3.GABINETE DE COMUNICACIÓN E MARKETING ONLINE

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Contratación dun gabinete de comunicación e márketing online, que se ocupe da adecuada comunicación e difusión do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal en medios dixitais, co fin de cubrir as necesidades de comunicación e difusión do proxecto, así como do seguimento e avaliación das accións de comunicación realizadas.

Así, este servizo ocuparase da redacción de notas de prensa e contacto con medios de comunicación, elaboración de *newsletters* e boletíns periódicos, revisión de contidos publicados por medios especializados, xestión da páxina web e redes sociais, etc.

O servizo contratado levará a cabo tamén unha labor de relacións públicas, co fin de promover que o territorio do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal aproveite a súa maxestividade paisaxística e escénica para a realización de proxectos audiovisuais, xa sexa para televisión, cinema ou plataformas dixitais, que dean repercusión e visibilicen o territorio entre distintos tipos de público.

E3.A3.GABINETE DE COMUNICACIÓN E MARKETING ONLINE

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Garantir unha adecuada posta en marcha das estratexias de comunicación e difusión do proxecto.
- Incrementar a visibilidade, competitividade e rendibilidade do produto turístico, mellorando o seu posicionamento, promoción e comercialización.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

39 930 €

E3.A4.CREACIÓN DUNHA CENTRAL DE RESERVAS PARA SERVICIOS DO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Creación dunha central de reservas para a venda directa dos produtos, experiencias e actividades do territorio do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal (Programa de xeorrutas, eventos turísticos e deportivos, actividades complementarias organizadas polas empresas de servizos do Proxecto de Xeoparque, etc.).

Fomentarase así, ademais da dotación dunha canle de venda directa baseado na dixitalización e as TICs para as empresas, que visibilice e centralice a axenda de eventos e actividades dispoñibles, o fomento das vendas cruzadas entre as empresas do destino.

E3.A4.CREACIÓN DUNHA CENTRAL DE RESERVAS PARA SERVICIOS DO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Promover a comercialización directa dos produtos e experiencias turísticas xerados, aumentando os beneficios para as empresas do territorio.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

20 000 €

E3.A5.ADHESIÓN Á REDE DTI (DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES)

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Implantación do modelo de Destinos turísticos intelixentes, proposto pola Secretaría de Estado de Turismo, para a adhesión do territorio á Rede DTI (Rede de Destinos turísticos intelixentes).

A metodoloxía da Rede DTI, implantada e xestionada por SEGITTUR, achega un enfoque integral e expón unha estratexia de futuro baseada na gobernanza, a sostibilidade, a accesibilidade, a innovación e a tecnoloxía como eixes de vertebración.

Esta actuación financiará a asistencia na implantación do proceso de conversión en DTI, levado a cabo por SEGITTUR, e servirá ademais para ter un diagnóstico e planificación das accións concretas para a mellora do destino e a súa revalorización a través da innovación e a tecnoloxía, pois dará acceso á plataforma de destino desenvolvida para a Rede DTI.

E3.A5.ADHESIÓN Á REDE DTI (DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Implantación da metodoloxía de Destino turístico intelixente; e integración na Rede de Destinos DTI.
- Diagnóstico e acceso a solucións tecnolóxicas para a mellora da innovación e dixitalización do destino.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

20 000 €

E3.A6.AMPLIACIÓN DE FUNCIONALIDADES E CONTIDOS DA PÁXINA WEB

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Contratación dun servizo de mantemento, creación de novos contidos e funcionalidades para a páxina web do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.

Así, este servizo comprenderá a xeración de novos contidos creados co desenvolvemento do Plan (nova pestana cun apartado específico de desenvolvemento do Plan, produtos e experiencias, material de descarga, etc.) e a tradución de contidos a diferentes idiomas. E, por outra banda, realizaranse melloras das súas funcionalidades, que axuden á navegación e xestión, como o desenvolvemento dunha intranet para distintos perfís, como empresas ou técnicos/as de turismo, servizos como repositorio de fotos e material de promoción, protocolos específicos de actuación para a prestación dun servizo unificado, etc.

E3.A6.AMPLIACIÓN DE FUNCIONALIDADES E CONTIDOS DA PÁXINA WEB

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Ofrecer información veraz e contrastada do proxecto e do territorio mediante ferramentas online.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

16 890 €

E3.A7.CREACIÓN DUNHA APP PARA A XESTIÓN E PROMOCIÓN DO CAMIÑO A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Deseño e desenvolvemento dunha App para a mellora da xestión e promoción do recurso, que permita ofrecer servizos ao turista: planificación personalizada de sendas, caderno de viaxe, guía interactiva con información (audioguías) sobre o patrimonio material e inmaterial do camiño (recursos patrimoniais, naturais, ritos, lendas, tradicións,...), selado e descarga da credencial do peregrino (“Teixidela dixital”), información, contacto e reserva de servizos de empresas turísticas, sorteos, premios,... Á vez que serve de ferramenta de xestión e información sobre os Camiños: posibilidade de comunicar incidencias e puntos críticos xeolocalizados, medición e análise de datos de visitantes, etc.

E3.A7.CREACIÓN DUNHA APP PARA A XESTIÓN E PROMOCIÓN DO CAMIÑO A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Promover a atracción e satisfacción dos visitantes a un dos recursos singulares do destino, asegurando a distribución espacial e temporal de fluxos, e incrementando a súa sostibilidade e efecto multiplicador.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

50 000 €

E3.A8.FORMACIÓN E ASESORAMENTO PARA A MELLORA DO POSICIONAMENTO DO DESTINO EN *GOOGLE TRAVEL JOURNEY*

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Realización dun informe de análise e avaliación do territorio como destino turístico en cada unha das fases do ciclo de viaxe de *Google Travel Journey*: inspiración, planificación, reserva e experiencias, así como da presenza e imaxe dixital do destino e empresas turísticas.

A partir deste informe implementaranse accións de formación e asesoramento con entidades de xestión turística do territorio (informadores turísticos, persoal de museos e centros de interpretación, etc.) e empresas locais, enfocadas a corrixir as deficiencias detectadas e conseguir un adecuado posicionamento online do destino e empresas turísticas do territorio: manual unificado para a etiquetaxe de imaxes, talleres de fotografía dixital, asesoramento para a mellora de páxinas web e creación de ligazóns cruzadas, talleres de xeoposicionamiento-*Google my business, TripAdvisor, Instagram, TikTok*, etc.

E3.A8.FORMACIÓN E ASESORAMENTO PARA A MELLORA DO POSICIONAMENTO DO DESTINO EN *GOOGLE TRAVEL JOURNEY*

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellora da presenza online do destino e produtos, que mellore a súa promoción e comercialización.
- Consecución dun relato singular e unificado do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, que mellore a presenza en buscadores e inspire a viaxe.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO ACTUACIÓN

32 670 €

EIXE 4: COMPETITIVIDADE

- 9 Asistencia técnica para a gestión do PSTD Proyecto de Xeoparque Cabo Ortegal.
- 10 Implantación de indicadores ETIS (*European Tourism System*) e modelo de xestión DTS.
- 11 Deseño e creación de programas educativos e de fomento da investigación.
- 12 Plan de marketing e estratexia de medios, online e offline.
- 13 Creación dunha Rede de centros de interpretación do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.
- 14 Dinamización e promoción do Camiño de peregrinación a Santo André de Teixido.
- 15 Posta en valor de produtos do sector primario para o turismo.
- 16 Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios locais.
- 17 Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada.



EIXE 4: COMPETITIVIDADE

- 18 Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades,...).
- 19 Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorrutas, visitas e oturas).
- 20 Deseño, creación e promoción de produtos e experiencias turísticas.
- 21 Plan de difusión e uso da marca e identidade corporativa do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.
- 22 Creación dun banco de imaxes e material audiovisual de promoción.
- 23 Accións e material de promoción e publicidade para a mellora do posicionamento do produto.
- 24 Organización de *fam trips* a outros xeoparques certificados.
- 25 Presenza en feiras, xornadas e eventos.
- 26 Deseño e elaboración de publicacións e material de difusión.



E4.A9.ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Contratación dunha asistencia técnica para a dotación de persoal técnico para a execución do Plan, que como mínimo deberá proporcionar un equipo de traballo de 3 persoas, cos seguintes perfís funcionais: 1 Xerente/a de o Plan; 1 Técnico/a en turismo; e 1 administrativo/a, así como todos os gastos asociados a este persoal relacionados coa execución das súas funcións (dietas e gastos de viaxe, equipos técnicos, gastos funxibles, etc.).

Esta estrutura técnica encargarse de coordinar, dirixir, avaliar e dar seguimento a todas as actuacións contidas no presente Plan, así como de garantir o impulso e implementación doutras actuacións relacionadas co Xeoparque Mundial da UNESCO (coordinación do Foro de participación local, Mesa institucional do proxecto, etc.).

E4.A9.ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Fomentar a gobernanza multinivel, a coordinación e participación social.
- Potenciar a colaboración público-privada e o traballo en rede, incrementando a dinamización, innovación e resiliencia do territorio.
- Adecuada xestión e execución do Plan.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

270 000 €

E4.A10.IMPLANTACIÓN DE INDICADORES ETIS (*EUROPEAN INDICATOR SYSTEM*) E MODELO DE XESTIÓN DTS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Implantación do Método Destino turístico sostible (DTS) baseado na Axenda 21 do Turismo sostible e no Método do *Global Sustainable Tourism Council*. Para iso levaranse a cabo:

- Realización dun diagnóstico que estableza a situación de partida do modelo de desenvolvemento turístico con respecto á súa sostibilidade ambiental, social e económica. Seguirase o modelo de avaliación de indicadores ETIS (*European Tourism Indicator System*), que contempla un total de 69 criterios.
- Deseño de estratexia participada de sostibilidade turística, e un plan de acción participado con actuacións concretas que resolva os problemas detectados no diagnóstico.
- Elaboración do plan de seguimento e medición dos indicadores.
- Desenvolvemento dun procedemento de participación: “Foro de sostibilidade turística”.
- Comunicación de accións de sostibilidade.

E4.A10.IMPLANTACIÓN DE INDICADORES ETIS (*EUROPEAN TOURISM INDICATOR SYSTEM*) E MODELO DE XESTIÓN DTS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Fomento da sostibilidade do turismo de forma transversal, deseñando e aplicando instrumentos que axuden á planificación e xestión do modelo de desenvolvemento turístico garantindo a sostibilidade.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

36 300 €

E4.A11.DESEÑO E CREACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Deseño e posta en marcha dun programa educativo para centros escolares e ferramentas de promoción para o fomento da investigación, eixo principal de actuación dos Xeoparques Mundiais da UNESCO, sobre distintos aspectos de xeociencias, patrimonio natural e cultural e outras materias relacionadas coa Axenda de educación 2030 da UNESCO.

Para iso crearanse guías de campo e materiais lúdico-didácticos para distintos grupos de idade e sobre distintas materias, que, por unha banda, sirvan para divulgar o seu coñecemento, e, por outro, promovan o desenvolvemento de visitas de turismo escolar entre centros educativos (como o programa “Gardiáns do Camiño de Santo André”, para colexios ou estancias de campo para universidades), convertendo o territorio nunha “aula” ao aire libre. Estes programas serán levados a cabo con empresas colaboradoras do Proxecto de Xeoparque.

E4.A11.DESEÑO E CREACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E DE FOMENTO DA INVESTIGACIÓN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellorar o coñecemento, conservación e posta en valor dos recursos singulares, que fomenten programas e actuacións enfocadas á investigación, conservación, xestión e á súa valorización; e ao seu aproveitamento sostible.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

56 670 €

E4.A12.PLAN DE MÁRKETING E ESTRATEXIA DE MEDIOS, *ONLINE* E *OFFLINE*

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Plan de márketing que define a estratexia comunicativa e accións e de promoción e comercialización do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, e os seus produtos, tanto *online* como *offline*. O Plan conterà:

–Por unha banda, marcará as pautas e bases da comunicación xeral do proxecto, a través do desenvolvemento do relato ou *storytelling* do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, tendo como base a xeración de emocións e baseándose no rigor científico. Así, marcaranse as directrices e pautas que deberán seguir as estratexias comunicativas, sintetizando as mensaxes clave e adaptando o relato para, polo menos, 4 públicos: escolar, básico, interesado e académico.

–Por outra banda, o Plan avaliará e determinará as canles e ferramentas de comunicación e promoción máis adecuados, en liña e *offline*, para cada un dos segmentos de público obxectivo, definindo a continuación as estratexias, medios e accións necesarias para lograr unha adecuada promoción e comercialización do produto.

E4.A12. PLAN DE MÁRketing E ESTRATEGIA DE MEDIOS, *ONLINE* E *OFFLINE*

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Deseño das estratexias, accións e ferramentas para a comunicación do destino.
- Creación dunha estratexia de publicidade e promoción adecuada ao produto, e definición das accións e ferramentas máis adecuadas para a súa implementación.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

18 150 €

E4.A13.CREACIÓN DUNHA REDE DE CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Creación dunha rede unificada de centros de interpretación no territorio, asociando ao Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal a todos aqueles centros xa existentes no territorio (Museo do mar de Cedeira, Océano Surf Museo, Castelo da Concepción, Castelo de Moeche, Centro de interpretación da paisaxe de Ortigueira), a través da dotación de recursos interpretativos e informativos, e da unificación e homoxeneización da imaxe para visualizar a súa integración na Rede.

Ao tempo, traballarase para a mellora da prestación e unificación de información sobre o proxecto de Xeoparque por parte do persoal de atención ao público destes centros, garantindo que a información prestada dos recursos e produtos de todo o territorio sexa de calidade, e responda aos obxectivos xenerais do proxecto.

Por último, promoverase a mellora destes espazos públicos e da súa eficiencia enerxética, como estratexia de mitigación do cambio climático.

E4.A13. CREACIÓN DUNHA REDE DE CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Dinamizar, incrementar e mellorar a oferta turística do territorio, adaptada ás necesidades do mercado e adecuada á identidade do territorio e ao relato singular do futuro xeoparque.
- Promover o traballo en rede.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

54 450 €

E4.A14.DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE PEREGRINACIÓN A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO

DESCRIBIÓN DA ACTUACIÓN

Programa de desenvolvemento e promoción do Camiño a Santo André de Teixido como ruta de peregrinación e produto turístico, que fomente a chegada de visitantes camiñando, en bicicleta ou a cabalo.

Para iso crearase unha rede de empresas prestatarias de servizos nos camiños (aloxamento, restauración, guía turístico, transporte, etc.), á vez que se desenvolven distintas accións e ferramentas de promoción: deseño dunha credencial do peregrino do Camiño de Santo André, camiñadas organizadas por etapas, deseño e posta en marcha de programas de voluntariado e educativos para salvagarda e recuperación das tradicións do Camiño, xornadas divulgativas e de estudo, publicacións, etc.

E4.A14.DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE PEREGRINACIÓN A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO

OBXETIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Promover a atracción e satisfacción dos visitantes, e asegurar a distribución espacial e temporal de fluxos, incrementando a súa sostibilidade e efecto multiplicador.
- Promover un aproveitamento turístico sostible e responsable.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

36 000 €

E4.A15.POSTA EN VALOR DE PRODUCTOS DO SECTOR PRIMARIO PARA O TURISMO

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Posta en valor de produtos do sector primario para o turismo, a través da promoción dos produtos locais e km 0 na hostalería local, e da etiquetaxe intelixente e a mellora do *packaging* para tratar de converter os produtos agroalimentarios do Proxecto de Xeoparque en agasallos e lembranzas.

E4.A15.POSTA EN VALOR DE PRODUCTOS DO SECTOR PRIMARIO PARA O TURISMO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellorar a oferta, adecuada á identidade do territorio e ao relato singular do futuro xeoparque.
- Promover a atracción e satisfacción dos visitantes, incrementando a súa sostibilidade e efecto multiplicador.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

72 600 €

E4.A16.PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA E OS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS LOCAIS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Implantación do programa de certificación alimentaria dos Xeoparques Mundiais da UNESCO GEOFood, e/ou creación dunha marca alimentaria rural, destinada á posta en valor dos produtos agroalimentarios e gastronomía local, tanto entre o sector hostaleiro (produtos Km 0, Slow Food), como para a súa venda ao público final.

Ao tempo prevense outras actuacións co sector agroalimentario e pesqueiro, enfocadas á sensibilización e divulgación de estratexias de mellora para o aproveitamento e transformación dos produtos, así como para a mellora da súa promoción e comercialización. O obxectivo final destas actuacións será incrementar a conexión dos produtos agroalimentarios locais co ámbito turístico, a través da promoción cruzada e a xeración de sinerxias entre ambas actividades, incrementando o seu efecto multiplicador.

E4.A16.PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA E OS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS LOCAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Crear produtos especializados, no marco dos Xeoparques Mundiais da UNESCO.
- Potenciar a colaboración público-privada e o traballo en rede, incrementando a dinamización, innovación e resiliencia do territorio, con actividades sostibles.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

78 150 €

E4.A17.MELLORAS NA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO: FORMACIÓN ESPECIALIZADA

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Desenvolvemento de accións formativas específicas para a mellora da cualificación profesional do persoal de prestación de servizos para o geoparque.

Estudaranse os ámbitos nos que existe unha maior necesidade de mellora, tendo en cuenta os aspectos abordados noutras accións formativas, como o SICTED, para complementalas, aínda que a priori determínase que un dos ámbitos nos que se desenvolverá formación especializada será para a formación de guías turísticos especializados en visitas guiadas polo territorio do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal (programa de georrutas, visitas de ecoturismo, etc.). Cabe sinalar que, na cidade de Ferrol, o núcleo urbano máis próximo ao territorio, impártese o Ciclo formativo de Grao Superior en “Guía, información e asistencia turísticas”, polo que resulta especialmente adecuado traballar este ámbito como fonte a nivel local.

E4.A17.MELLORAS NA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL DO SECTOR TURÍSTICO: FORMACIÓN ESPECIALIZADA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellorar os servizos das empresas turísticas do territorio, e con elas, do conxunto do destino.
- Crear un produto turístico especializado a partir do patrimonio singular do territorio, enmarcado na candidatura a Xeoparque Mundial.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

54 450 €

E4.A18.PLAN DE MELLORA E ACREDITACIÓN DE PEQUENAS EMPRESAS TURÍSTICAS (ALOXAMENTO, GUÍAS, ACTIVIDADES,...)

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Deseño e posta en marcha dun sistema para a mellora dos servizos turísticos e a acreditación das empresas prestadoras de servizos turísticos e provedoras de produtos do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.

O devandito sistema comprenderá accións de formación, avaliación e asistencia técnica individualizada para a mellora dos servizos e produtos, garantindo unha calidade homoxénea na oferta turística do futuro xeoparque.

E4.A18.PLAN DE MELLORA E ACREDITACIÓN DE PEQUENAS EMPRESAS TURÍSTICAS (ALOXAMENTO, GUÍAS, ACTIVIDADES,...)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Crear un produto turístico especializado a partir do patrimonio singular do territorio, enmarcado na candidatura a Geoparque Mundial da UNESCO.
- Incrementar a visibilidade, competitividade e rendibilidade do produto turístico.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

51 060 €

E4.A19.DESEÑO E CREACIÓN DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES DE XEOTURISMO (XEORRUTAS, VISITAS E OUTRAS ACTIVIDADES)

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Posta en funcionamento, a través de empresas prestadoras de servizos do Proxecto de Xeoparque, dun programa de xeorrutas no territorio de forma regular, visitas guiadas e outras actividades e experiencias turísticas a través das que se implemente o relato diferenciador do territorio e a súa singular riqueza xeolóxica, natural e cultural. Ao mesmo tempo, e tamén a través do traballo con empresas locais, buscarase deseñar novos roteiros e actividades innovadoras de xeoturismo (talleres, charlas, xornadas, xogos, xeolodías, visitas teatralizadas,...) que incrementen a oferta, tanto para visitantes como para outros colectivos de dentro ou fóra do territorio (investigadores, estudantes, científicos, etc.).

E4.A19.DESEÑO E CREACIÓN DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES DE XEOTURISMO (XEORRUTAS, VISITAS E OUTRAS ACTIVIDADES)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Crear un produto turístico especializado a partir do patrimonio singular do territorio, enmarcado na candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO.
- Dinamizar, incrementar e mellorar a oferta turística do territorio.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

54 450 €

E4.A20.DESEÑO, CREACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUCTOS E EXPERIENCIAS TURÍSTICAS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Traballo coas empresas turísticas do territorio para a creación de produtos e experiencias turísticas adecuadas ás necesidades do mercado, incrementando a mellora da súa comercialización. Para iso traballárase coas empresas en talleres grupais e asesoramento individualizado, a través dos cales se articulen experiencias singulares e paquetes turísticos (aloxamento + actividade e/ou oferta gastronómica) competitivos e adaptados ás diferentes singularidades do territorio. Estes produtos e experiencias serán comercializadas por axencias de viaxes, e tamén postos á venda a través da central de reservas creada neste mesmo Plan.

E4.A20.DESEÑO, CREACIÓN E PROMOCIÓN DE PRODUTOS E EXPERIENCIAS TURÍSTICAS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellora da comercialización do destino, a través do deseño de produtos e experiencias adaptadas ás preferencias do mercado.
- Dinamizar, incrementar e mellorar a oferta turística do territorio, adaptada ás necesidades do mercado.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

36 000€

E4.A21.PLAN DE DIFUSIÓN E USO DA MARCA E IDENTIDADE CORPORATIVA DO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

A través da presente acción buscarase que todas as entidades do territorio, tanto públicas como privadas, utilicen e divulguen a marca do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, de forma que se visibilice o seu apoio ao proxecto, e se divulgue e fixe na imaxe colectiva a marca asociada á candidatura e ao futuro Xeoparque Mundial da UNESCO. Desenvolveranse dous tipos de actuacións:

- Elaborarase un manual de utilización para establecementos e produtos locais dos distintivos do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal. Este manual enfocarse a regular a utilización da marca nos servizos e produtos asociados ao Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, e polo que especificará quen e como pode e debe utilizala.
- Promoverase que as entidades públicas e asociativas do territorio coloquen a logo-marca nas súas páxinas web, e en actuacións públicas vinculadas coa posta en valor do patrimonio natural e cultural (carteis de feiras, eventos, etc.).

E4.A21.PLAN DE DIFUSIÓN E USO DA MARCA E IDENTIDADE CORPORATIVA DO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Crear un produto turístico especializado, enmarcado na candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO.
- Potenciar a colaboración público-privada e o traballo en rede, que incremente a dinamización, innovación e resiliencia do territorio.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

32 670 €

E4.A22.CREACIÓN DUN BANCO DE IMAXES E MATERIAL AUDIOVISUAL DE PROMOCIÓN

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Contratación e creación dunha base de imaxes gráficas e material audiovisual profesional (producción de vídeos divulgativos) para dispoñer dos recursos adecuados para a implementación da estratexia de comunicación, promoción e comercialización.

Ao mesmo tempo prevese a posta en marcha dun concurso fotográfico no territorio, que sirva para implicar á poboación local no Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal, e permita ir facéndose cun arquivo dixital de fotografías para as accións de promoción e comunicativas do xeoparque.

E4.A22.CREACIÓN DUN BANCO DE IMAXES E MATERIAL AUDIOVISUAL DE PROMOCIÓN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Dispoñer dos recursos audiovisuais necesarios para implementar unha correcta estratexia de comunicación.
- Incrementar a visibilidade do produto turístico, mellorando o seu posicionamento, promoción e comercialización.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

20 710 €

E4.A23.ACCIÓNS E MATERIAL DE PROMOCIÓN E PUBLICIDADE PARA A MELLORA DO POSICIONAMENTO DO PRODUTO

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Deseño e posta en marcha de distintas accións e material de promoción e publicidade, determinadas en función do determinado no Plan de márketing. Estas actuacións serán tanto *offline* (anuncios, pago por publicidade e publicidade en medios especializados, muppies, edición de especiais en prensa, merchandising, patrocinios, etc.) como *online*, como o desenvolvemento dun plan de *inbound* márketing, a partir do cal se desenvolvan e implementen accións de publicidade e promocións para a captación de *leads* e a mellora das vendas do produto turístico nos mercados e para os segmentos obxectivo prioritarios.

E4.A23.ACCIONES E MATERIAL DE PROMOCIÓN E PUBLICIDADE PARA A MELLORA DO POSICIONAMENTO DO PRODUTO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Incrementar a visibilidade, competitividade e rendibilidade do produto turístico, mellorando o seu posicionamento, promoción e comercialización.
- Promover a atracción e satisfacción dos visitantes.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

45 300 €

E4.A24.ORGANIZACIÓN DE *FAM TRIPS* A OUTROS XEOPARQUES CERTIFICADOS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Organización de *fam trips* de *benchmarking* a outros xeoparques certificados, garantindo así a interrelación e traballo en rede requirido polos Xeoparques Mundiais da UNESCO. Por outra banda, contémpanse tamén gastos relacionados coa visita dos auditores da UNESCO, e a posible organización de visitas doutros membros do Foro español de xeoparques ao territorio.

E4.A24.ORGANIZACIÓN DE *FAM TRIPS* A OUTROS XEOPARQUES CERTIFICADOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Mellora da promoción e imaxe do Proxecto de Xeoparque e establecemento de relacións entre territorios certificados.
- Crear un produto turístico especializado, enmarcado na candidatura a Xeoparque Mundial da UNESCO.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

43 880 €

E4.A25.PRESENZA EN FEIRAS, XORNADAS E EVENTOS

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Asistencia a feiras, congresos e eventos turísticos para a promoción e comercialización dos produtos turísticos, así como acudir a seminarios, simposiums e reunións da Rede española de xeoparques para a difusión do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.

Contémplase ademais a posibilidade de ser a sede dunha das Xornadas Anuais do Foro español de xeoparques no territorio, no caso de ser declarado Xeoparque Mundial da UNESCO.

E4.A25.PRESENZA EN FEIRAS, XORNADAS E EVENTOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Incrementar a visibilidade, competitividade e rendibilidade do produto turístico, mellorando o seu posicionamento, promoción e comercialización.
- Potenciar a colaboración público-privada e o traballo en rede.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

27 000 €

E4.A26.DESEÑO E ELABORACIÓN DE PUBLICACIÓNS E MATERIAL DE DIFUSIÓN

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN

Deseño, elaboración e produción de material de difusión específico e publicacións con contidos adaptados ao relato deseñado polo proxecto, e que sirvan para facer promoción e difundir os recursos e produtos turísticos do Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.

O material e publicacións xeradas serán determinadas a partir do Plan de marketing e comunicación elaborado. En todo caso, a priori, determínase que entre eles deberán editarse un mapa ou plano do territorio, que conteña todos os puntos e elementos esenciais do Proxecto de Xeoparque, e a proposta de itinerarios de visita, consecuentes co relato que se quere transmitir; e tamén unha guía xeolóxica, enfocada ás visitas de campo para un público interesado en coñecer a riqueza xeolóxica e natural do territorio.

Ao tempo, promoverase e participarse na edición de publicacións (libros, revistas, producións audiovisuais,...), que teñan relación co Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal.

E4.A26.DESEÑO E ELABORACIÓN DE PUBLICACIÓNS E MATERIAL DE DIFUSIÓN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ACTUACIÓN

- Conseguir unha comunicación veraz e adecuada a todos os segmentos de público aos que se dirixe o proxecto.
- Incrementar a visibilidade, competitividade e rendibilidade do produto turístico, mellorando a súa promoción e comunicación.

ANUALIDADE DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN

ANUALIDADE 1

ANUALIDADE 2

ANUALIDADE 3

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

32 670 €

CADRO RESUMO DE ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS	ANUALIDADE 1	ANUALIDADE 2	ANUALIDADE 3	TOTAL
Adecuación e mellora da rede de roteiros de sendeirismo e BTT do territorio.	30.000 €	50.000 €	70.000 €	150.000 €
TOTAL EIXE 1	30.000 €	50.000 €	70.000 €	150.000 €
Convocatoria de subvencións a concellos do Proxecto de Xeoparque para mellora de eficiencia enerxética.	- €	150.000 €	- €	150.000 €
TOTAL EIXE 2	- €	150.000 €	- €	150.000 €
Gabinete de comunicación e marketing en liña.	10.890 €	14.520 €	14.520 €	39.930 €
Creación dunha central de reservas para servizos do Proxecto de Xeoparque.	- €	- €	20.000 €	20.000 €
Adhesión á Rede DTI (Destinos Turísticos Intelixentes).	20.000 €	- €	- €	20.000 €
Ampliación de funcionalidades e contidos da páxina web.	10.890 €	3.000 €	3.000 €	16.890 €
Creación dunha App para a xestión e promoción do Camiño a Santo André de Teixido.	10.000 €	40.000 €	- €	50.000 €
Formación e asesoramento para a mellora do posicionamento do destino en <i>Google Travel Journey</i> .	10.890 €	10.890 €	10.890 €	32.670 €
TOTAL EIXE 3	62.670 €	68.410 €	48.410 €	179.490 €

CADRO RESUMO DE ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS	ANUALIDADE 1	ANUALIDADE 2	ANUALIDADE 3	TOTAL
Asistencia técnica para a xestión do PSTD do Proxecto de Geoparque Cabo Ortegal.	90.000 €	90.000 €	90.000 €	270.000 €
Implantación de indicadores ETIS (<i>European Tourism indicator system</i>) e modelo de xestión DTS.	21.780 €	7.260 €	7.260 €	36.300 €
Deseño e creación de programas educativos e de fomento da investigación.	28.890 €	13.890 €	13.890 €	56.670 €
Plan de márketing e estratexia de medios, en liña e offline.	18.150 €	- €	- €	18.150 €
Creación dunha Rede de centros de interpretación do Proxecto de Geoparque Cabo Ortegal.	18.150 €	18.150 €	18.150 €	54.450 €
Dinamización e promoción do Camiño de peregrinación a Santo André de Teixido.	- €	18.000 €	18.000 €	36.000 €
Posta en valor de produtos do sector primario para o turismo.	24.200 €	24.200 €	24.200 €	72.600 €
Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios locais.	18.150 €	30.000 €	30.000 €	78.150 €
Melloras na cualificación profesional do sector turístico: formación especializada.	18.150 €	18.150 €	18.150 €	54.450 €
Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades...).	21.780 €	14.680 €	14.600 €	51.060 €
Deseño e creación de programas de actividades de xeoturismo (xeorrutas, visitas e outras actividades).	18.150 €	18.150 €	18.150 €	54.450 €
Deseño, creación e promoción de produtos e experiencias turísticas.	12.000 €	12.000 €	12.000 €	36.000 €
Plan de difusión e uso da marca e identidade corporativa do Xeoparque Cabo Ortegal .	18.150 €	7.260 €	7.260 €	32.670 €
Creación dun banco de imaxes e material audiovisual de promoción.	7.260 €	7.260 €	6.190 €	20.710 €
Accións e material de promoción e publicidade para a mellora do posicionamento do produto.	15.100 €	15.100 €	15.100 €	45.300 €
Organización de <i>fam trips</i> a outros Xeoparques certificados.	14.520 €	14.680 €	14.680 €	43.880 €
Presenza en feiras, xornadas e eventos.	9.000 €	9.000 €	9.000 €	27.000 €
Deseño e elaboración de publicacións e material de difusión .	10.890 €	10.890 €	10.890 €	32.670 €
TOTAL EIXE 4	364.320 €	328.670 €	327.520 €	1.020.510 €
TOTAL PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL	456.990 €	597.080 €	445.930 €	1.500.000 €

PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL

PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, COMERCIO
Y TURISMO



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU